

Santa Maria de Cuíña (Oza dos Ríos, A Coruña)

Xosé Troiano Carril

A fachada é resultado da modificación barroca, segue un esquema pentagonal e no eixo vertical central, organízase de abaixo arriba mediante unha portada en arco apuntado de finais do século XVIII. Sobre o ingreso vai un oco semicircular e, rompendo o vértice do pentágono unha base para unha espadana de dous corpos flanqueado por dous pináculos piramidais. O primeiro corpo formado por dous arcos de medio punto que descansan sobre piares moldurados e que serven para aloxa-las campás. Separado dun gran beirado, o segundo corpo fórmao un frontón triangular curvo cun oco circular no medio. Está flanqueado por dous pináculos moldurados con bola e coroado por outro pináculo moldurado rematado con bola.



Con respecto as campás, ten dúas unha en cada oco. Na dereita sitúase a campá grande cunhas medidas de 60 cm de diámetro e 52 cm de alto interior cun peso de 125 Kg.

No "Terzo" (T), ten dous cordóns e unha inscrición: "JESUS MARIA Y JOSE ANO 1869". As letras "S" están o revés. Pecha esta inscrición con dous cordóns máis.

No “Medio” (M) da campá sitúase unha cruz cunha plataforma de tres chanzos, decorada a base de estrelas e cos brazos potenciados. Un cordón pasa polo medio do pao da cruz.

No “Medio Pé” (MP), decora con tres cordóns

No “Pé” (P) da campá pecha a decoración cun cordón e por riba desta, unha inscrición gravada que di: “La haizo Emilio Blanco en compañía de sutio Fran^{co} Menendez”.



Na esquerda sitúase a campá pequena cunhas medidas 54 cm de diámetro e 49 cm de alto cun peso de 91 kg de peso.

No “Terzo” (T), ten un cordón seguido dunha inscrición: “IHS M. Y JOSE ANO D 1864”. Pecha esta inscrición con dous cordóns.

No “Medio” (M) sitúase unha cruz cunha plataforma de tres chanzos, decorada a base de pétalos en forma de estrelas, un pedestal rectangular decorado con raias cruzadas formando cadrados. O pao vai decorado con pétalos e os brazos con raias cruzadas. Os remates dos brazos ten decoración a base de pétalos.

No “Medio Pé” (MP), hai dous cordóns continuando coa inscrición seguinte: “P Y L EN ORAZO”. A letra “P” refírese a Palacio e a letra “L” a Liste. Pecha a decoración con cordón.



PALACIO e LISTE: Os Liste tiñan o seu taller de fundición na parroquia de Orazo (A Estrada, Pontevedra). O primeiro deles, Juan Liste Pereira (1823-1909) aprenderá o oficio grazas aos fundidores ambulantes cántabros que percorrían toda España. Cos datos que temos a día de hoxe, podemos dicir que un tal Palacio, posiblemente transmerano, Cantabria, fixo sociedade cun xove Juan Liste e asinarían campás durante máis de trinta anos. A última campá asinada por Palacio en Orazo foi a da igrexa da Nosa Señora da Xunqueira de Cee, no ano 1871. Asinaría en solitario desta forma: "P^R PALACIO EN ORAZO". Posiblemente a partires desta data, falecería e seguiría en solitario co taller de fundición, o seu socio, Juan Liste Pereira". Aparecen asinadas só como J. Liste a partires do ano 1872, asinando de igual maneira o seu fillo, José Liste Villanueva (1858-1927), que lle sucede trala morte do seu pai en 1909. As campás feitas polos Liste van dende o ano 1839 (San Cristovo de Corzón, Mazaricos) ata o 1922 (campá pequena da igrexa parroquial de Santo André de Valadares, Lugo).

As sinaturas habituais de Liste e Palacio, segundo datos recollidos a día de hoxe, son : "PALACIO Y LISTE EN ORAZO" ou "P Y L EN ORAZO" durante os anos que van dende 1839 ata 1871. De 1872 en adiante, as sinaturas serían: "P^R J. LISTE EN ORAZO", "LISTE EN ORAZO", "FUNDIDA POR J. LISTE EN ORAZO" e "LISTE ME HIZO EN ORAZO".



Campá pequena feita por Palacio e Liste en Orazo (A Estrada, Pontevedra).